




**CAIXA RURAL
GALEGA**




**Informe
do ano 2025**

Evolución dos resultados


Resultado do exercicio (miles de euros)



Evolución do número de empregados




Clasificación do risco crediticio por sector



- Administraciones Públicas
- Promoción e construción inmobiliaria
- Grandes empresas
- Pemes e Autónomos
- Particulares

Evolución do investimento crediticio e dos depósitos da clientela

(Saldos medios anuais en miles de euros)



- Investimento crediticio
- Depósitos da clientela

Caixa Rural Galega é unha Sociedade Cooperativa de Crédito de responsabilidade limitada de ámbito autonómico, inscrita no Rexistro Xeral de Cooperativas do Ministerio de Traballo co número 523, na Sección Central do Rexistro de Cooperativas da Dirección de Traballo e Promoción de Emprego da Consellaría de Traballo e Servizos Sociais da Xunta de Galicia co número 68, e no Rexistro de Entidades Cooperativas de Crédito, dependente do Banco de España, co número 30 da Sección C, tendo a consideración de Caixa Cualificada.

Ten personalidade xurídica propia, e pode exercer toda clase de accións e operacións, gozando dos beneficios que legalmente lle corresponden. A responsabilidade dos socios fronte as obrigas sociais da Entidade é limitada. Por ser Caixa Rural Cualificada pode asinar convenios de colaboración coas Entidades de Crédito Oficial, así coma obter os beneficios que reglamentariamente se determinen polo Ministerio de Economía e Facenda. Está acollida ó Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito.

CIF: F-27005164

DOMICILIO SOCIAL: Rúa Montero Ríos 24-26, 27002 – Lugo

www.caixaruralgalega.gal

caixaruralgalega@caixaruralgalega.gal

Órganos de goberno

Consello Reitor

Presidente

D. MANUEL VARELA LÓPEZ

Vicepresidente

D. ÁNGEL RAMIL CASTELO

Secretario

D. ANTONIO RIVEIRA REQUEIJO

Vocais

1º. D. ALBERTO CEPEDA SÁEZ

2º. D. DANIEL VILLAPOL VALEA

4º. D. JOSÉ LUIS BENEDITO CASTELLOTE

5º. D. SALVADOR MANUEL DIZ CERVIÑO

6º. D^a. MARÍA CRISTINA VARELA SÁNCHEZ

7º. D. DIEGO ARIAS FERNÁNDEZ

8º. D^a. VANESSA VIZCAÍNO CORDIDO

9º. D. JOSÉ AQUILINO RODRÍGUEZ LÓPEZ

10º. MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ GÓMEZ

Comisión Permanente

Presidente

D. MANUEL VARELA LÓPEZ

Vicepresidente

D. ÁNGEL RAMIL CASTELO

Secretario

D. ANTONIO RIVEIRA REQUEIJO

Vocais

D. JOSÉ LUIS BENEDITO CASTELLOTE

D. ALBERTO CEPEDA SÁEZ

Director Xeral

D. JESÚS ANTONIO MÉNDEZ ÁLVAREZ-CEDRÓN

Servicio de Atención ao Cliente

A Entidade, dando cumprimento ao establecido na Lei 44/2002, de 22 de novembro, de Medidas de Reforma do Sistema Financeiro e á Orde ECO/734/2004, do 11 de marzo, do Ministerio de Economía, sobre os Departamentos e Servizos de Atención ao Cliente e o Defensor do Cliente en determinadas Sociedades Cooperativas de Crédito, ten a disposición dos seus clientes o Servizo de Atención ao Cliente, regulado por un Regulamento de Funcionamento, aprobado polo Consello Reitor.

Durante o exercicio 2025, o Servizo de Atención ao Cliente rexistrou cento sesenta e sete queixas, das que a totalidade foron atendidas directamente polo Servizo. Do total de reclamacións recibidas, oitenta e nove foron favorables ao cliente, setenta desfavorables e oito inadmitidas.

Informe de auditoría externa

O noso auditor externo, KPMG Auditores, S.L., emitiu, en abril de 2026, o informe de auditoría das contas anuais, que comprenden o balance a 31 de decembro de 2025, a conta de perdas e ganancias, o estado de cambios no patrimonio neto, o estado de fluxos de efectivo e a memoria correspondentes ao exercicio terminado nesa data.

A opinión do auditor foi favorable. Considera que estas contas anuais reflicten a imaxe fiel do patrimonio e a situación financeira da Entidade ao 31 de decembro de 2025, así coma os seus resultados e fluxos de efectivo correspondentes.


A reprodución deste Informe de Auditoría debe lerse, para a súa adecuada comprensión e interpretación, xunto coas contas anuais e o informe de xestión correspondentes ao exercicio anual rematado o 31 de decembro de 2025 sobre as que opina, cuxo texto íntegro atópase dispoñible no apartado de información institucional de www.caixaruralgalega.gal.

Fondo de Educación e Promoción


Durante o ano 2025, o Consello Reitor da Entidade, por delegación da Asamblea Xeral, acordou o patrocinio con cargo ao Fondo de Educación e Promoción de 192 actividades por un importe global de 718.630,24 euros.

Número de actividades	Importe concedido	Concepto
6	136.903,88	Fomento do cooperativismo
124	426.010,00	Actividades socioculturais e socioeconómicas
52	96.784,58	Fomento da práctica deportiva
10	58.931,78	Actividades formativas
	718.630,24	Total

Evolución do número de socios



Distribución do Patrimonio Neto



Carta do presidente

É para min unha honra dirixirme a todos vostedes para presentar o informe correspondente ao exercicio 2025 de Caixa Rural Galega.

Permítanme comezar situando, brevemente, o contexto económico no que desenvolvemos a nosa actividade. O ano 2025 estivo marcado por unha evolución moderadamente positiva da economía española, nunha contorna aínda condicionada pola incerteza internacional, a persistencia de tensións xeopolíticas e o proceso de normalización da política monetaria na zona euro.

En España, asistimos a un crecemento sostido, apoiado na fortaleza do emprego, a recuperación do consumo e o dinamismo de sectores crave como o turismo e os servizos. No entanto, este crecemento conviviu con desafíos relevantes, como a moderación do crédito, a presión sobre os custos empresariais e a necesidade de adaptación a unha contorna financeira máis esixente.

No caso de Galicia, a nosa economía mostrou unha notable resiliencia. Sectores tradicionais como o agroalimentario, a pesca e a industria souberon adaptarse, á vez que se avanzou na modernización e diversificación do tecido produtivo. Galicia seguiu destacando pola súa estabilidade, a súa capacidade exportadora e o compromiso das súas empresas e profesionais.

Neste contexto, Caixa Rural Galega volveu a demostrar a solidez do seu modelo cooperativo e a súa proximidade ao territorio. Os resultados obtidos en 2025 reflicten unha evolución moi positiva nas principais magnitudes do balance e da conta de resultados.

Reixtramos un crecemento significativo do negocio, tanto en investimento crediticio como en recursos xestionados, consolidando a nosa posición como entidade de referencia en Galicia e no apoio a familias,

autónomos e pequenas e medianas empresas. Todo iso, mantendo uns niveis de solvencia e liquidez que superan amplamente os requirimentos regulatorios.

Querería destacar, especialmente, a calidade do noso activo, a prudencia na xestión do risco e a confianza que depositan en nós miles de clientes e socios. Estes factores permitiron mellorar a nosa rendibilidade de forma sostida, reforzando ao mesmo tempo o noso compromiso co desenvolvemento económico e social da nosa contorna.

Pero máis aló das cifras, que son importantes, o que verdadeiramente define a Caixa Rural Galega é a súa vocación de servizo. Seguimos sendo unha entidade próxima, comprometida co territorio e coas persoas, apoiando proxectos que xeran valor, emprego e futuro en Galicia. Nada disto sería posible sen o esforzo e a profesionalidade do noso equipo humano, nin sen a confianza de vostedes, os nosos socios, que son a base e a razón de ser deste proxecto cooperativo.

Mirando cara ao futuro, non sabemos o que nos pode deparar o 2026; non é doado de predicir, porque vivimos na era da incerteza. Ademais, este ano chega cun engadido como é a guerra do Golfo que, dependendo da duración, vai ter seguramente efectos nocivos para a economía. A inflación subirá, porque o petróleo segue sendo vital para o transporte.

De todos os xeitos, continuaremos coa prudencia de sempre, pero tamén con confianza. Sabemos que a contorna seguirá sendo esixente, pero contamos cunha base sólida, unha estratexia clara e uns valores que nos permitiron crecer de forma sostible ao longo do tempo. Reitero o meu agradecemento a todos os nosos socios e clientes polo seu apoio e compromiso, e invítolles a seguir construíndo xuntos o futuro de Caixa Rural Galega.

Moitas grazas.

Manuel Varela, presidente

Ratios

Crecedemento do balance

14,02%

Alcanzamos un crecemento de 328 millóns de euros respecto ó exercicio anterior

Ratio de morosidade

2,11%

A ratio de morosidade mantívose a niveis baixos en comparación ao resto do sector, e diminuíu respecto ao exercicio anterior

Ratio de solvencia

22,97%

O elevado resultado do exercicio repercutiu nunha mellora importante na ratio de solvencia.

Crecedemento dos depósitos da clientela

12,83%

Ó peche do exercicio 2025 medramos máis de 270 millóns de euros nos depósitos da clientela.

Crecedemento do investimento crediticio

10,91%

Aumentamos en máis de 100 millóns de euros o noso investimento crediticio durante o exercicio 2025, favorecido por un contexto de tipos de interese decrecentes.

LCR

1089,17%

Os nosos depósitos cobren o investimento crediticio e esta ratio indica que temos suficiente liquidez para facer fronte a salidas de efectivo durante 30 días. Debería de estar sempre por riba do 100%.

Balances ao 31 de decembro de 2025 e 2024 (Miles de Euros)

ACTIVO	31.12.2025	31.12.2024
Efectivo, saldos en efectivo en bancos centrais e outros depósitos á vista	167.742	304.597
Activos financeiros mantidos para negociar	3	9
Derivados	3	9
Activos financeiros non destinados á negociación valorados obrigatoriamente a valor razoable con cambios en resultados	-	-
Valores representativos de débeda	-	-
Préstamos e anticipos á clientela	-	-
Activos financeiros a valor razoable con cambios en resultados	-	-
Activos financeiros a valor razoable con cambios noutro resultado global	116.676	128.942
Instrumentos de patrimonio	41.219	36.047
Valores representativos de débeda	75.457	92.895
Activos financeiros a coste amortizado	2.287.640	1.829.655
Valores representativos de débeda	1.214.344	901.047
Préstamos e anticipos en entidades de crédito	33.897	23.464
Préstamos e anticipos á clientela	1.039.399	905.144
Derivados - contabilidade de coberturas	55.984	37.915
Cambios do valor razoable dos elementos cubertos dunha carteira con cobertura do risco do tipo de intereses	-	-
Investimentos en dependentes, negocios conxuntos e asociadas	-	-
Activos tanxibles	25.059	24.879
Inmovilizado material de uso propio	17.411	16.750
Investimentos inmobiliarios	7.648	8.129
Activos intanxibles	5	6
Outros activos intanxibles	5	6
Activos por impostos	10.380	9.196
Correntes	1.206	92
Diferidos	9.174	9.104
Outros activos	2.045	2.425
Resto de activos	2.045	2.425
Activos non correntes e grupos alleables de elementos clasificados como mantidos para a venda	1.871	1.732
TOTAL ACTIVO	2.667.405	2.339.356
Pro-Memoria	190.642	178.759
Compromiso de préstamo concedido	126.389	123.409
Garantías financeiras concedidas	19.652	20.771
Outros compromisos concedidos	44.601	34.579

PASIVO E PATRIMONIO NETO	31.12.2025	31.12.2024
PASIVO		
Pasivos financeiros mantidos para negociar	-	-
Pasivos financeiros a valor razoable con cambios en resultados	-	-
Pasivos financeiros a coste amortizado	2.439.376	2.144.701
Depósitos de entidades de crédito	6.363	3.327
Depósitos da clientela	2.392.609	2.120.525
Outros pasivos financeiros	40.404	20.849
Derivados - contabilidade de coberturas	30.901	32.283
Cambios a valor razoable dos elementos cubertos dunha carteira con cobertura do risco do tipo de interés	-	-
Provisións	1.600	2.038
Pensións e outras obrigacións de prestacións definidas post-empleo	-	-
Compromisos e garantías concedidos	1.012	1.007
Restantes provisións	588	1.031
Pasivos por impostos	4.988	5.924
Correntes	-	1.301
Diferidos	4.988	4.623
Capital social reembolsable á vista	-	-
Outros pasivos	12.725	9.326
<i>Dos que: Fondo da Obra Social</i>	<i>10.021</i>	<i>7.104</i>
Pasivos incluídos en grupos alleables de elementos clasificados como mantidos para a venda	-	-
TOTAL PASIVO	2.489.590	2.194.272
PATRIMONIO NETO		
Fondos propios	171.945	140.324
Fondo de dotación	15.108	15.155
Ganancias acumuladas	122.330	91.050
Reservas de revalorización	1.576	1.580
Outras reservas	729	695
Resultado do exercicio	32.202	31.844
Outro resultado global acumulado	6.075	5.260
<i>Elementos que non poden reclasificarse en resultados</i>		
Ganancias ou perdas actuariais en plans de pensións de prestacións definidas	(17)	(15)
Cambios do valor razoable dos instrumentos de patrimonio valorados a valor razoable	6.092	5.275
<i>Elementos que poden reclasificarse en resultados</i>	(205)	(500)
Derivados de cobertura	(1.391)	(1.545)
Cambios do valor razoable dos instrumentos de deuda		
Valorados a valor razoable con cambios noutro resultado global	1.186	1.045
TOTAL PATRIMONIO NETO	177.815	145.084
TOTAL PASIVO E PATRIMONIO NETO	2.667.405	2.339.356

Cuentas de pérdidas y ganancias correspondientes a los ejercicios anuales terminados el 31 de diciembre de 2025 y 2024 (Miles de Euros)

CONCEPTOS	Ingresos (Gastos)	
	2025	2024
Ingresos por intereses	71.057	75.007
Gastos por intereses	(18.949)	(17.861)
MARXE DE XUROS	52.108	57.146
Ingresos por dividendos	3.066	2.340
Ingresos por comisións	6.378	5.909
Gastos por comisións	(238)	(196)
Ganancias ou perdas o dar de baixa en contas de activos ou pasivos financeiros non valorados a valor razoable con cambios en resultados, netas	3	7
Ganancias ou perdas por activos e pasivos financeiros mantidos para negociar, netas	9	9
Ganancias ou perdas por activos financeiros non destinados á negociación valorados obrigatoriamente a valor razoable con cambios en resultados, netas	84	105
Ganancias ou perdas por activos e pasivos financeiros a valor razoable con cambios en resultados, netas	-	-
Ganancias ou perdas resultantes da contabilidade de coberturas, netas	656	529
Diferenzas de cambio (neto)	68	78
Outros ingresos de explotación	1.587	1.255
Outros gastos de explotación	(4.226)	(3.697)
<i>dos que: dotacións obrigatorias ó Fondo da Obra Social</i>	<i>3.508</i>	<i>3.475</i>
MARXE BRUTO	59.495	63.485
Gastos de administración	(17.876)	(15.658)
Gastos de persoal	(10.281)	(9.129)
Outros gastos xerais de administración	(7.595)	(6.529)
Amortización	(1.209)	(1.253)
Dotacións a provisións (neto)	(30)	(1.837)
Deterioro do valor ou reversión do deterioro do valor de activos financeiros non valorados a valor razoable con cambios en resultados	(2.316)	(6.581)
Activos financeiros a custo amortizado	(2.304)	(6.577)
Activos financeiros a valor razoable con cambios noutro resultado global	(12)	(4)
RESULTADO DA ACTIVIDADE DE EXPLOTACIÓN	38.064	38.156
Deterioro do valor ou reversión do deterioro do valor de activos non financeiros	197	-
Ganancias ou perdas ao dar de baixa en contas activos non financeiros e participacións netas	-	-
Ganancias ou perdas procedentes de activos non correntes e grupos alleables de elementos clasificados como mantidos para a venda non admisibles coma actividades interrompidas	136	(39)
GANANCIAS OU PERDAS ANTES DE IMPOSTOS PRODECENTES DAS ACTIVIDADES CONTINUADAS	38.397	38.117
Gastos ou ingresos por impostos sobre as ganancias de actividades continuadas	(6.195)	(6.273)
GANANCIAS OU PERDAS ANTES DE IMPOSTOS PRODECENTES DAS ACTIVIDADES CONTINUADAS	32.202	31.844
Ganancias ou perdas despois de impostos procedentes de actividades interrompidas	-	-
RESULTADO DO EXERCICIO	32.202	31.844

Propuesta de distribución de resultados del ejercicio anual terminado el 31 de diciembre de 2025 (Euros)

	2024
RESULTADOS	
Beneficio neto	32.202.435,51
Provisión legal Fondo de Educación e Promoción (FEP)	3.508.212,68
Xuros a pagar aos socios por achegas de capital	628.521,39
Total a distribuir	35.082.126,80
DISTRIBUCIÓN	
A Fondo de Reserva Obrigatoria	28.065.701,44
Fondo de Educación e Promoción (FEP)	3.508.212,68
Libre Disposición	3.508.212,68
	35.082.126,80
PROPOSTA ASAMBLEA SOBRE LIBRE DISPOSICIÓN	
A Fondo de Reserva Voluntaria	2.806.570,14
Reserva de capitalización (*)	701.642,54

(*) Este importe, que supón un 20% do importe destinado a libre disposición, pode chegar a ser un 23%, un 26,50% ou un 30%, dependendo do aumento da plantilla media de traballadores que se produza durante o exercicio fiscal de referencia

Oficinas de Caixa Rural Galega

LUGO

LUGO, Servzos centrais	Rúa Montero Ríos, 24-26
LUGO, O.P. Urbana 1	Rúa Montero Ríos, 24-26
LUGO, Urbana 2	Rúa Doutor Ochoa, 1
LUGO, Urbana 3	Ronda das Fontiñas, 112
LUGO, Urbana 4	Rúa Afonso X O Sabio, 5-7-9
LUGO, Urbana 5	Rúa Poeta Curros Enríquez, 38
ABADÍN	Avda. Fanego Rojo, 11
ALFOZ DO CASTRODOURO	Mor - A Seara, 21
ANTAS DE ULLA	Avenida de Pontevedra, 5
BECERREÁ	Rúa Carlos III, 35
BEGONTE	Praza Hnos. Souto Montenegro, 4
O CÁDAVO	Avda. de Baralla, 53
CASTRO DE CARBALLEDO	Avda. dos Peares, 35
CASTRO DE RIBEIRAS DE LEA	Avda. de Outeiro de Rei, 1
CASTROVERDE	Rúa Rosalía de Castro, 53
COSPEITO	Rúa Cervantes, 2
CHANTADA	Rúa Xoan XXIII, 2
FOLGOSO DO COUREL	Rúa Deputación, 29
LOURENZÁ	Avda. do Val, 7
MEIRA	Avenida de Lugo, 42
MONFORTE DE LEMOS	Avda. de Galicia, 38
MOSTEIRO	Praza. de Galicia, 2
NAVIA DE SUARNA	Praza de España, 11
OUTEIRO DE REI	Praza do Concello, 3
PALAS DE REI	Travesía da Igrexa, 3
PASTORIZA	Avda. de Muimenta, 8
POBRA DE BROLLÓN	Avda. de Galicia, 66
POBRA DE SAN XIAO	Avda. de Valdriz, 15
RIBADEO	Rúa Villafranca del Bierzo, 11
SARRIA	Rúa Diego Pazos, 21
SAN ROMÁN	Rúa Deputación, 4
SAN COSME DE BARREIROS	Rúa da Vila, 56
TABOADA	Avda. de Lugo, 86
VILALBA	Travesía dos Castros, 2
VIVEIRO	Travesía da Mariña, 19-21

A CORUÑA

A CORUÑA	Rúa Francisco Mariño, 2
MELIDE	Ronda da Coruña, 50
SANTIAGO DE COMPOSTELA	Santiago de Guayaquil, 1
CARBALLO (próxima apertura)	Desiderio Varela, 6

OURENSE

OURENSE	Avda. de la Habana, 4
ALLARIZ	Rúa Alfredo Nan, 1
O CARBALLIÑO	Rúa Curros Enríquez, 27
CELANOVA	Rúa Emilia Pardo Bazán, 37
VIANA DO BOLO	Praza Maior, 3
XINZO DE LIMIA	Avda. de Ourense, 22

PONTEVEDRA

PONTEVEDRA	Avda. de Santa María, 5
CAMBADOS	Avda. Vilariño, 1
LALÍN	Rúa Puente, 1
VIGO	Rúa Policarpo Sanz, 10
VILAGARCÍA DE AROUSA	Praza de España, 8